



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS, con DNI nº 33.258.664-C, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza, da que é Presidente Don Javier Nogueira Diz. -----

CERTIFICA:

Que segundo segundo os datos obrantes no seu poder, na asemblea xeral da FGC celebrada o 11-4-2015, aprobouse por unanimidade a Memoria de Actividades do ano 2014, conforme consta no documento.

E para que así conste, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a quince de marzo de dous mil dezaseis.

Vº Bº

O PRESIDENTE,

Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Ramón Rodríguez Cobas

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria de Actividades 2014

1. CAZADORES E AFILIADOS

A Federación Galega de Caza (FGC) pechaba o 2014 con **20.049** federados, é dicir **de cada 10 cazadores con licenza administrativa de caza 4 deles estaban federados**.

1.1. CAZADORES


No ano 2014, o número de cazadores con licenza administrativa de caza situábase en 46.591, un 0,12% menos respecto do ano anterior.

Dos datos das licenzas de caza, facilitados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, correspondentes ao ano 2014, despréndese que **o 78% dos cazadores galegos están entre os 18 e o 65 anos, e un 22% dos cazadores superan os 65 anos ou teñen menos de 18**.

O 99,80% dos cazadores dispoñen de licenza de caza para cazar con armas, fronte ao 0,20% que cazan con cans, arco ou cetraría.

	CO	LU	OU	PO	BCOS	TOTAL	%
A1 con Armas de Fogo (Espaníais e cidadáns UE +18 e -65 anos)	11.388	7.664	6.944	9.036	1.231	36.263	77,83
A2 con Armas de Fogo (Espaníais e cidadáns UE -18 e +65 anos)	3.128	2.109	2.347	2.337	307	10.228	21,95
A3 con Armas de Fogo (Estranxeiros non comunitarios e non residentes)	0	0	1	0	0	1	0
B1 Cans, Cetraría e Arco (Espaníais e cidadáns UE +18 e -65 anos)	31	10	6	30	0	77	0,17
B2 Cans, Cetraría e Arco (Espaníais e cidadáns UE -18 e +65 anos)	7	4	4	1	0	16	0,03
B3 Cans, Cetraría e Arco (Estranxeiros non comunitarios e non residentes)	0	0	0	0	0	0	---
C Rehala con fins de Caza	1	0	4	1	0	6	0,01
	14.555	9.787	9.306	11.405	1.538	46.591	

Por provincias, **o maior número de cazadores concéntrase na Provincia de A Coruña, co 31% dos cazadores da CCAA**, séguelle de Pontevedra co 25%, e a continuación sitúanse Lugo e Ourense, co 21 e 20% respectivamente; mentres que as licenzas emitidas fora da CCAA, a través das entidades bancarias, non chegan ao 3%.




1.1.a) Análise Licenzas Administrativas de Caza 2014-2013

Por provincias, o maior descenso de cazadores, en canto a número deles, rexistrouse en A Coruña, con 126 cazadores menos que o pasado ano, pero sen embargo, en canto á porcentaxe, **a baixada máis significativa foi nas licenzas renovadas fora da Comunidade Autónoma a través das entidades bancarias.**

	Licenzas Caza 2014	Licenzas Caza 2013	Dfª	%
CORUÑA	14555	14429	126	0,87
LUGO	9787	9850	-63	-0,64
OURENSE	9306	9479	-173	-1,83
PONTEVEDRA	11405	11388	17	0,15
BANCOS	1538	1502	36	2,40
	46591	46648	-57	-0,12

1.1.b) Evolución de Cazadores

Nos últimos cinco anos (2010-2014) o número de cazadores descendeu un 13%, pasando dos 53.535 cazadores que había ano 2010 aos 46.591 actuais. Pero se nos imos máis atrás, observamos que, desde a posta en marcha da FGC, pasamos **dos 94.067 cazadores, do ano 1987, a practicamente á metade na actualidade (46.591).**



1.2. CAZADORES FEDERADOS

Durante o ano 2014, a FGC emitiu exclusivamente **Licenzas Federativas Autonómicas** (20.049, das que habilitou con carácter nacional 93).

Actualmente **4 cazadores de cada 10 están federados**; pero se avaliamos os datos por provincias obsérvase que en Lugo están federados o 56% dos cazadores da provincia; en Pontevedra o 50%, en Coruña o 47%, e en Ourense o 22%.



Provincia	Nº Cazadores	Nº Federados	%
CORUÑA	14555	6841	47
LUGO	9787	5460	55,79
OURENSE	9306	2019	21,7
PONTEVEDRA	11405	5729	50,23
OUTROS	1538		0
TOTAL	46591	20049	43,03

1.2.a) Análise de federados 2014-2013

Ao examina-la produción respecto ao ano 2013, no conxunto da CCAA baixamos un 0,55% en números absolutos de federados, pero sen embargo o ratio no mesmo período entre federados e cazadores apenas supuxo un descenso do 0,19%. **No 2013 estaban federados o 43,22% dos cazadores, e na actualidade estano o 43,03%**, situándose na porcentaxe máis alta da historia da Federación tralo ano 2013 (obviando os datos do ano 2008 no que o número de cazadores federados ascendía ata un 52% pero a este respecto hai que sinalar que naquel ano produciuse un fallo técnico na comunicación entre os equipos informáticos das entidades bancarias e a Xunta de Galicia polo que os datos de licenzas de caza puideran non ser fidedignos).

Ano 2014		Ano 2013	
Nº Cazadores	Nº Federados	Nº Cazadores	Nº Federados
46591	20049	46648	20160
Cazadores Federados: 43,03%		Cazadores Federados: 43,22%	
Dfª 0,19%			


1. Análise por tipo de produto.

Ao compara-los datos de federados, con respecto ao ano 2013, por tipo de produto, apréciase unha transformación dos *documentos* “N” en “S”. Decrece nun 7% o tipo “N”, e increméntase nun 9% a emisión dos “S”. **Na actualidade os documentos de maior cobertura “Q + S” xa superan unha cota de mercado do 50%, fronte ao 29,44% do documento “N”**

É significativo tamén o notable crecemento do “R” que supera en máis do 100% os do ano anterior.


Tipo de Licencia Federativa	2014	2013	Dfª	%
P	3883	3923	-40	-1,02
N	5903	6367	-464	-7,29
Q	4452	4641	-189	-4,07
R	212	105	107	101,9
S	5599	5124	475	9,27
	20049	20160	-111	-0,55

Memoria de Actividades 2014




2. *Análise por Provincias.*

Ao analiza-la produción de federados do ano 2014, por provincias, observamos que **Coruña é a provincia que maior número de federados rexistra**, un 34%; seguida de Pontevedra cun 29%, Lugo cun 27%, e Ourense cun 10%.



Tipo de Lic. Federativa	CO	LU	OU	PO	TOTAL	% Produto
P	1449	1503	409	522	3883	19,37
N	2565	518	555	2265	5903	29,44
Q	991	1383	332	1746	4452	22,21
R	101	9	46	56	212	1,06
S	1735	2047	677	1140	5599	27,93
	6841	5460	2019	5729	20049	
% Provincia	34,12	27,23	10,07	28,57		


A Coruña e Lugo medra lixeiramente respecto ao ano anterior (1,45% e 0,89%, respectivamente), mentres que en Ourense e Pontevedra nótase un leve descenso (3,40% e 3,14%, respectivamente).



	2014	2013	Dfª	%
CORUÑA	6841	6743	98	1,45
LUGO	5460	5412	48	0,89
OURENSE	2019	2090	-71	-3,4
PONTEVEDR	5729	5915	-186	-3,14

En **Coruña** os *documentos* de maiores coberturas **“Q + S” superan nun 2% ao tipo “N”**, inverténdose os datos do ano 2013; naquel momento os **“N”** alcanzaban o 40% fronte ao 39% dos **“Q + S”**, mentres que na actualidade os **“N”** descenden ata o 38% fronte ao 40% que suman os **“Q + S”**.


No que respecta ao **“S”** a nivel individual, este medra un 1% con respecto do pasado ano. E tamén chama a atención o *documento* tipo **“R”** que alcanza unha cota de mercado do 1%.



En **Lugo** a tendencia tamén son os *documentos* de maiores coberturas, neste caso existe unha ampla diferenza pois os **“Q + S” superan nun 54% aos “N”**.


Se analizamos o tipo “S” individualmente, este incrementa a súa cota nun 3% respecto á produción do 2013.

E comparando os mesmos datos coa produción da campaña anterior, obsérvase que a produción dos “S + Q” incrementábase nun 2%, mentres os “N” descende un 1%.



En **Ourense** mantense a mesma inclinación que no resto das provincias, os *documentos* de maiores coberturas “**Q + S**” **aumentan nun 22% en relación co “N”**.


En canto ao tipo “S” a nivel individual, medra un 4% en relación ao ano anterior. E ao cotexa-la produción actual coa do pasado ano, os “Q + S” medran un 3%, mentes que os “N” baixan 2 puntos porcentuais.



En **Pontevedra**, ao igual que ocorre no resto das provincias, a tendencia segue a se-los *documentos* de maior cobertura, así os “Q + S” **superan nun 10% ao “N”**.

En canto ao “S”, por si só, este medra un 3% respecto ao ano pasado. E tamén é significativo o *documento* tipo “R” que alcanza unha cota do 1% da produción total.

En relación á produción do 2013, os “Q + S” suben 1 punto porcentual, mentres que o “N” descende 2.




1.2.b) Evolución de Cazadores Federados

No período 2010-2014, mentres o número de cazadores baixaba nun 13% o número de federados facíao nun 6%, por tanto a evolución de federados respecto aos cazadores medraba 7 puntos nos últimos 5 anos.

CAZADORES			FEDERADOS		
Ano 2014	Ano 2010	%	Ano 2014	Ano 2010	%
46591	53535	-12,97	20049	21242	-5,62
Evolución Federados-Cazadores: 7,35					

No mesmo período a proporción entre federados e cazadores subía un 3%. **No ano 2010 estaban federados, no conxunto da CCAA, o 39,68% dos cazadores, e no 2014 os afiliados á federación representaban o 43,03%**, rexistrándose o pico máis alto no ano 2013 co 43,22% dos cazadores federados.






Ao analiza-la relación entre federados e cazadores, durante os últimos 5 anos, apréciase que **tódalas provincias medran agás Pontevedra que tende lixeiramente á baixa durante o período analizado, pero sen embargo compre subliñar que esta provincia é a que ten a media máis alta de cazadores federados.**

	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	Media de cazadores federados período 2010-2014
CORUÑA	47,00	46,73	45,92	44,86	43,60	45,62
LUGO	55,79	54,94	51,15	49,46	45,29	51,33
OURENSE	21,70	22,05	21,12	19,93	18,51	20,66
PONTEVEDRA	50,23	51,94	53,76	54,36	55,22	53,10
	43,03	43,22	42,35	41,29	39,68	41,91

1. Histórico de federados.


Dos 8.756 federados cos que arrancaba a FGC no ano 1987 pásase aos 20.049 actuais, un 130% máis. O maior número de federados producíase no ano 2008 con 21.594.



2. Histórico de cazadores.

Mentres que a liña de federados é lixeiramente ascendente, case plana nos últimos anos -o que pon de manifesto a importante fidelización existente entre os afiliados á Federación-, **vense observando que a liña de cazadores tende á baixa desde o ano 1991, no que se rexistraron 108.522 licenzas de caza, acumulándose desde esa data ata a actualidade un descenso superior ao 57%.**

Memoria de Actividades 2014




3. Raking de federados.


A nivel estatal, entre as federacións autonómicas de caza que conforman o F-8, a FGC sitúase en cuarta posición en número de federados, mentres que a nivel autonómico, entre as federacións deportivas galegas, ocupa o segundo posto do ranking do Deporte Galego.

▪ Ranking F-8

Durante o ano 2014, os federados da FGC representaban o 9% do total do F-8, situándose no ecuador da táboa, **cunha cuarta posición no Ranking de Mutuasport**, por detrás de Andalucía, Cataluña e Aragón.



Pero se analizamos a evolución do número de federados durante os últimos 5 anos, Galicia sube ata o terceiro posto no raking do F-8, sendo a terceira federación que menos federados perde no período 2010-2014, apenas un 5%.



FED AUT	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	Dfª 2014-2010	% 2014-2010	Raking 2014-2010
FED EXTREMEÑA	14.508	14.331	14.546	14.272	14.149	359	2,54	1ª
FED ARAGONESA	26.844	27.319	28.173	27.736	28.099	-1.255	-4,47	2ª
FED GALEGA	20.119	20.174	21.036	21.479	21.254	-1.135	-5,34	3ª
FED NAVARRA	3.586	3.483	3.990	4.127	3.810	-224	-5,88	4ª
FED C. LEÓN	15.888	16.685	18.156	19.779	18.687	-2.799	-14,98	5ª
FED CATALANA	43.741	45.101	47.487	50.238	53.805	-10.064	-18,7	6ª
FED ANDALUZA	91.361	97.585	102.793	107.700	142.271	-50.910	-35,78	7ª
FED C. MANCHA	16.572	18.929	21.394	23.797	28.587	-12.015	-42,03	8ª
TOTALES	232.619	243.607	257.575	269.128	310.662	-78.043		

Ranking Federaciones Españolas

A nivel nacional, a caza é o terceiro deporte en número de federados no ranking das Federaciones Deportistas Españolas, segundo datos oficiais do CSD.





FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS	Nº Licenzas 2013
FÚTBOL	60.248
CAZA	20.160
BALONCESTO	14.632
GOLF	11.196
BALONMANO	7.663
ACT. SUBACUÁTICAS	5.769
CICUISMO	5.487
PATINAJE	5.278
NATACIÓN	4.785
JUDO	4.753
ATLETISMO	4.750
SURF	4.070
HÍPICA	3.530
TENIS	3.366
TIRO OLÍMPICO	3.295
PESCA Y CASTING	3.066
ORIENTACIÓN	3.033
AJEDREZ	2.897
MONTAÑA Y ESCALADA	2.897
KARATE	2.800
TAEKWONDO	2.552
VELA	2.315
REMO	1.795
LUCHAS OLÍMPICAS	1.397
PIRAGÜISMO	1.395
VOLEIBOL	1.295
TRIATLÓN	1.246
RUGBY	1.188
PETANCA	858
TENIS DE MESA	837
BADMINTON	790
AUTOMOVILISMO	674
COLOMBICULTURA	643
PADEL	613
HOCKEY	593
BOLOS	568
GIMNASIA	554
TIRO CON ARCO	527
COLOMBÓFILA	508
BÉISBOL Y SÓFBOL	504
MOTOCICLISMO	430
ESGRIMA	416
SQUASH	406
HALTEROFILIA	365
SALVAMENTO Y SOCORRISMO	276
BAILE DEPORTIVO	238
PELOTA	234
FÚTBOL AMERICANO	168
BOXEO	165
MOTONÁUTICA	96
BILLAR	83
KICKBOXING	75
DEP. DISCAPACIDAD FÍSICA	67
DEP. DISCAPACIDAD INTELECT.	66
TIRO A VUELO	51
ESQUÍ NÁUTICO	45
DEP. PARALÍTICOS CEREBRALES	42
AERONÁUTICA	41
DEP. PARA CIEGOS	31
DEP. PARA SORDOS	28
DEPORTES DE INVIERNO	28
PENTATLÓN MODERNO	28
ESPELEOLOGÍA	6


No conxunto do estado, durante o ano 2013 practicaron o deporte federado 7 de cada 100 habitantes.

Ranking Deporte Galego

No ranking autonómico, entre as federacións deportivas galegas, a FGC ocupa a segunda posición no número de federados detrás de Fútbol.

Ranking por CCAA

E a nivel estatal, a CCAA de Galicia acada o 6º posto no número de deportistas federados.



De cada 100 habitantes da CCAA de Galicia, 7 practican o deporte federado, e un deles é deportista cinexético.

1.2.c) Siniestralidade entre os federados

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais, e 8 de cada 10 federados teñen concertado con Mutuasport a través da FGC, o seguro de responsabilidade civil do cazador. É significativo tamén o número de cans que durante o 2014 tiñan asegurados os seus danos durante os 365 días do ano (220 federados tiñan contratada a RC de 628 cans, unha media de 2,81 cans por asegurado).

	Federados	Federados con RC cazador	% Federados con RC cazador	Asegurados con RC cans
CORUÑA	6841	5392	79%	61 (144 cans)
LUGO	5460	3957	73%	126 (358 cans)
OURENSE	2019	1610	80%	25 (92 cans)
PONTEVEDRA	5729	5207	81%	8 (24 cans)
	20049	16166	81%	220 (618 cans)


1. *Analise da siniestralidade*


Ao compara-lo número de accidentes de danos persoais co número de federados, e o número de sinistro de Responsabilidade Civil e Defensa Xurídica co número de asegurados, e xuntados ámbolos-dous cocientes, obsérvase que **a siniestralidade entre os cazadores federados está en 6 accidentes por cada 1000 cazadores**, predominando no caso da RC os danos materiais e os danos a animais e cousas, mentres que nos de accidentes persoais (danos propios) os máis frecuentes son os danos nas extremidades.

	A CORUÑA				LUGO				OURENSE				PONTEVEDRA				TOTAL TIPO ACCIDENTE				Total accidentes
	DP	RC	DX	AP	DP	RC	DX	AP	DP	RC	DX	AP	DP	RC	DX	AP	DP	RC	DX	AP	
Falecidos accidentes caza															1		0	0	1	0	1
Falecidos causas naturais					2								1				3	0	0	0	3
Falecido in itinere																	0	0	0	0	0
Invalidez																	0	0	0	0	0
Extremidades	10				4	2	1		5	1			9				28	3	1	0	32
Cara/cabeza/cráneo/boca	1								1								2	0	0	0	2
Ollos/oidos					1				1				3				5	0	0	0	5
Torax/Espalda													2				2	0	0	0	2
Feridas múltiples/policontusións									1				1				0	2	0	0	2
Outras	1					1							2				4	1	0	0	5
Escopeta	1				1		1		1				3				6	0	1	0	7
Cans		1				3			1	1			2	2	2		3	7	2	0	12
Danos materiais, animais ou cousas		13				15				3			10	1			0	41	1	0	42
	13	14	0	0	8	21	2	0	9	6	0	0	22	13	4	0	53	54	6	0	113

■ *Accidentes de danos propios*


Os accidentados de danos propios apenas representan o 0,26% dos federados, deles o maior número de lesións, un 53%, corresponden a danos en extremidades, e un 11% a danos ás escopetas, pero tamén houbo que lamentar durante esta tempada tres federados falecidos por “causas naturais” mentres practicaban a caza.






■ *Accidentes de responsabilidade civil e defensa xurídica*

Os sinistros de responsabilidade civil do cazador e defensa xurídica (**documentos únicos**) representan un 0,37% do total de asegurados, pero se debullámo-los datos máis polo miúdo observamos que os danos a persoas representan o 13% fronte ao 87% doutro tipo de danos (cans, escopetas, danos materiais, danos a animais, etc). En canto ao falecido de Pontevedra que se imputa a Defensa Xurídica hai que sinalar que éste corresponde a un sinistro do ano 2012 con resultado de morte reclamado na actualidade e que polo tanto non constaba computado en estatísticas anteriores.





▪ Siniestralidade por provincias

A maior siniestralidade produciuse en Ourense, con 8 accidentes por cada 1000 federados, e na parte oposta da táboa sitúase Coruña con 4 accidentes por cada 1000. A media de sinistros en Lugo e Pontevedra foi moi parella, con 7 sinistros de cada 1000.

Provincia	DP			RC + DX			
	Federados	Sinistros	%	Asegurados	Sinistros	%	Cociente
CORUÑA	6841	13	0,19	5392	14	0,26	0,45
LUGO	5460	8	0,15	3957	23	0,58	0,73
OURENSE	2019	9	0,45	1610	6	0,37	0,82
PONTEVEDRA	5729	22	0,38	5207	17	0,33	0,71
	20049	52	0,26	16166	60	0,37	0,63


2. Evolución da siniestralidade

A media de sinistros, entre os cazadores federados, na última década, mantense en 5 por cada 1000 federados. No ano 2014 producíronse 17 accidentes menos que no ano anterior, e o pico máis alto de siniestralidade sitúase no ano 2011 con 142 accidentes.

Tipo de sinistros											
	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
DP	21	33	39	32	23	33	47	58	44	66	53
RC + DX	45	48	36	63	59	46	65	84	69	64	60
	66	81	75	95	82	79	112	142	113	130	113

Tipo de danos asegurados											
	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Federados	21.388	21.173	20.767	21.413	21.594	21.587	21.242	21.479	21.018	20.160	20.049
Asegurados	18.642	17.970	17.881	17.812	17.971	17.910	17.798	17.659	17.215	16.473	16.166

Indice de siniestralidade entre os federados											
	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
DP	0,1	0,16	0,19	0,15	0,11	0,15	0,22	0,27	0,21	0,33	0,26
RC + DX	0,24	0,27	0,2	0,35	0,33	0,26	0,37	0,48	0,4	0,39	0,37
	0,34	0,42	0,39	0,5	0,43	0,41	0,59	0,75	0,61	0,72	0,63



1.2.d) Cazadores federados que practican a caza noutras CCAA


Se tomamos como referencia as licenzas de caza tramitadas desde a FGC para outras CCAA, **un 4,40% dos cazadores federados traspasaron as fronteiras galegas para cazar noutras Autonomías**, 31 cazadores máis que na tempada anterior, porcentaxe que medra se temos en conta que un número importante de federados solicitan as licencias directamente coas Comunidades Autónomas ou a través doutro tipo de mediadores.

1. *Análise por CCAA e Provincia*

Os galegos desprazáronse maioritariamente a cazar ás dúas Castelas, a onde o fixeron o 96,94%, e o outro 3,06% acudiron a Andalucía, Aragón, Baleares, Extremadura, Madrid, Navarra e a Rioxa.


	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Andalucía	1			2	3
Aragón				1	1
Baleares				1	1
C. León	71		66	180	317
C. Mancha	127	60	69	283	539
Extremadura	3			10	13
Madrid		3		4	7
Navarra				1	1
A Rioxa	1				1
	203	63	135	482	883

Os cazadores pontevedreses foron os que máis acudiron a practica-la actividade cinexética fora da CCAA, un 55% dos que se desprazaron, e os que menos, os lucenses, cun 7% .





2. Evolución de Licenzas doutras CCAA 2010-2014

Desde o ano 2010 un 17% dos cazadores galegos deixaron de practicar a caza fora de Galicia. O ano que menos cazadores traspasaron as fronteiras galegas para cazar foi o 2012, pero desde o pasado ano 2013 empeza a notarse un repunte dos federados que volven a desenvolver-la actividade cinexética noutras CCAA.



1.2.e) Relación entre cazadores, federados e poboación

Á vista dos datos do Padrón de habitantes do 2014, a **media de cazadores por habitante, no conxunto da CCAA, sube unha décima respecto do ano 2013**, situándose actualmente en 2 cazadores por cada 100 habitantes, deles un é federado.




Provincia	Cazadores 2014	Federados 2014	Poboación	Media 2014		Media 2013	
				Media de Cazadores p/100 habitantes	Media de Federados p/ 100 habitantes	Media de Cazadores p/100 habitantes	Media de Federados p/ 100 habitantes
CORUÑA	14555	6841	1132735	1,28	0,6	1,27	0,59
LUGO	9787	5460	342748	2,86	1,59	2,85	1,56
OURENSE	9306	2019	322293	2,89	0,63	2,9	0,64
PONTEVEDRA	11405	5729	950919	1,2	0,6	1,19	0,62
BCOS	1538						
	46591	20049	2748695	1,7	0,73	1,69	0,73

2. ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES


Durante o ano 2014 afiliáronse á FGC 11 novas entidades, e causaron baixa 12 (por disolución, por fusión con outras, ou por falta de actividade), **o ano pechábase con 478 entidades deportivas afiliadas.**

Ao avaliar os datos por Provincia, observamos que **Lugo, co 31% (147 sociedades) é a provincia que maior número de entidades representa**, seguida de Coruña cun 29% (138), Pontevedra cun 22% (108), e Ourense cun 18% (85).




2.1. ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES

Das 478 entidades afiliadas á FGC durante o ano 2014, **o 85% delas (404 sociedades) xestionan na actualidade algún tecedor**, de xeito propio ou compartido con outra, e o 15% das sociedades restantes (74) corresponde a outras entidades deportivas de tiro, arco, cetraría, paxariños, cans, agility, peñas de caza maior, etc.




2.1.a) Tecores

Actualmente **existen na CCAA 453 tecores**; dos que **o 85% están administrados por entidades de caza federadas**, e o 15% restante xestiónano outras asociacións de cazadores non federadas.




1. *Análise por provincia*

Ao examina-los datos por provincias, podemos ver que **o 100% dos tecores de Pontevedra (73) están federados**; mentres que en Coruña e Lugo, con 123 e 151 tecores, respectivamente, teñen federados o 88% fronte ao 12% que non o están. En Ourense, dos 106 tecores existentes na provincia, están afiliados á Federación o 67% fronte ao 33%.




2. Superficie cinexética

Do total da superficie do territorio galego (2.957.400 has) está acoutado o 90% (2.649.435 has) mediante Tecores e Explotacións Cinexéticas Comerciais.




O 99,67% da superficie cinexética corresponde aos 453 tecores existentes na actualidades, mentres que o 0,33% pertence ás 26 explotacións cinexéticas cinexéticas comerciais.



Ao compara-lo total de terreos cinexéticos ordenados coa superficie cinexética de cadaunha das provincias, observamos que **Ourense é a provincia con maior superficie**, e no lado oposto, con menor número de hectáreas por tecor estaría Pontevedra.


Número Tecores e Superficie por Provincia



Provincia	Tecores	Superficie (ha)
A Coruña	123	693900
Lugo	151	932700
Ourense	106	663515
Pontevedra	73	350552
	453	2640667

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais, a provincia de Lugo é de maior superficie, e a de menos Coruña.



Número de Explotacións e Superficie por Provincia



Provincia	Explotacións comerciais	Superficie (ha)
A Coruña	5	1398
Lugo	8	3368
Ourense	5	1569
Pontevedra	8	2433
	26	8768

2.1.b) Terreos Cinexéticos e Municipios


Ao compara-lo número de tecores co número de concellos existentes na CCAA, obsérvase a importancia da caza tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **máis dun tecor por concello** –no caso de Lugo supérase o dobre- o que **trasladado a outro tipo de deportes máis populares sería o mesmo que dicir que tódolos concellos teñen máis dun polideportivo**, no que practicarían o deporte cinexético 103 deportistas durante cadaunha das xornadas cinexéticas, mentres que explotacións cinexéticas apenas hai 8 por cada 100 municipios.



Provincia	Explotacións Cinexéticas	Tecores	Municipios	Media de Explotacións Cinexéticas por Municipio	Media de Tecores por Municipio
CORUÑA	5	123	93	0,05	1,32
LUGO	8	151	67	0,12	2,25
OURENSE	5	106	92	0,05	1,15
PONTEVEDRA	8	73	62	0,13	1,18
TOTAL	26	453	314	0,08	1,44


2.1.c) Seguros Responsabilidade Civil de Tecor

Máis da metade dos tecores federados teñen actualmente concertado o seguro de responsabilidade civil a través da FGC con Mutuasport ou con outras compañías aseguradoras.



1. *Análise por Provincias*

Por provincias, Lugo ten asegurados a través da FGC un 65,41% dos tecores, seguida de Coruña co 63,89%, e a continuación sitúanse Pontevedra co 58,90%, e Ourense co 38,03%.



2. *Análise de Tecores asegurados 2014-2013*


Se analizamos a evolución das pólizas de RC de Tecor respecto á tempada 2013, observamos que durante o 2014 tramitáronse a través da FGC, no conxunto da CCAA, un 2% menos de pólizas, que en números absolutos significan 4 pólizas menos.

Medran no número de tecores asegurados Lugo e Coruña e no lado oposto están Ourense e Pontevedra que perden 5 e 3 pólizas, respectivamente.

	Tecores Asegurados 2014	Tecores Asegurados 2013	D ^{ra}
CORUÑA	69	68	1
LUGO	87	84	3
OURENSE	27	32	-5
PONTEVEDRA	43	46	-3
	226	230	-4

2.1.d) Siniestralidade


Grazas ao esforzo que veñen realizando, ano tras ano, as sociedades de cazadores para controla-las poboacións de caza maior, e á entrada en vigor, no pasado mes de maio, da nova Lei de Tráfico, **o número de sinistros respecto ao ano 2013 reduciuse nun 60%** (171 accidentes menos que na tempada anterior), pero aínda así **a siniestralidade en relación aos tecores asegurados a través da FGC foi superior a un accidente** por cada tecor asegurado, con especial incidencia nas provincias do interior onde se concentra a maior densidade de caza maior, achegándose no caso de Lugo aos 2 sinistros por tecor.



	Total Tecores Asegurados	Total Sinistros	Media de accidentes por tecor
CORUÑA	69	32	0,46
LUGO	87	165	1,90
OURENSE	27	37	1,37
PONTEVEDRA	43	25	0,58
	226	259	1,15

1. Evolución da siniestralidade 2010-2014

Durante o período 2010-2014 a media de sinistros situábase en 1,78 accidentes por tecor, rexistrándose a maior siniestralidade durante os anos 2011 e 2012, e a menor no 2014.




	2014	2013	2012	2011	2010
Tecores Asegurados	226	230	217	246	265
Sinistros	259	430	460	535	424
Media de sinistros	1,15	1,87	2,12	2,17	1,6

2. Estatística de accidentes producidos por animais cinexéticos

No apartado anterior analizábase a incidencia dos sinistros producidos pola fauna cinexética en base aos datos de siniestralidade dos tecores asegurados a través da FGC, pero segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Tráfico, **en Galicia o número de accidentes de circulación producidos por animais de caza durante o ano 2014 alcanzou os 2235**, un sinistro menos que no ano 2013. Deles o 62% foron producidos polo xabaril, e un 32% polo corzo.

Os datos, ao igual que no análise realizado no caso dos tecores asegurados, amosan que o maior número de accidentes prodúcense nas provincias do interior; un 43% deles tiveron lugar en Lugo, e un 28% en Ourense.




	Xabaril	Corzo	Cervo	Lobo	Raposo	Teixugo	Coello	Lebre	Aves	Outros animais	TOTAL	% por Provincia
CORUÑA	279	136	1	3	13	10	0	0		2	444	19,87
LUGO	532	364	0	3	26	22	1	1	1	3	953	42,64
OURENSE	399	184	1	1	20	8	1	2	1	2	619	27,7
PONTEVEDRA	169	33	3	2	6	5	0	0	1	0	219	9,8
	1379	717	5	9	65	45	2	3	3	7	2235	

3. CLUB DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA CAZADORES FEDERADOS

O Club de descontos exclusivo para cazadores federados, nace, a mediados do 2012, para facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a tódalas empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrece-los seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que pon en valor a licenza federativa autonómica.


3.1. ANÁLISE POR TIPO DE ESTABLECEMENTO

Se analizamos os establecementos pola actividade que ofrecen, observamos que máis da metade deles (51%) son centros psicotécnicos e clínicas médicas, situándose a continuación as clínicas veterinarias e perruquerías caninas (16%), as armerías, tendas de deportes, e tendas especializadas en aparatos de radiofrecuencia (11%), as clínicas de fisioterapia (6%), e por último atopamos tamén establecementos de alimentación canina, caza, servizos ambientais, hoteis, axencias de viaxe, gasolineiras, e xestorías, entroutros.




3.2. ANÁLISE POR PROVINCIA


Ao avalia-lo número de establecementos por provincia, vemos que **a provincia de A Coruña é a que ten na actualidade un maior número de establecementos adheridos (38)**, seguida de Pontevedra con 12, mentres que en Lugo e Ourense hai 9. Tamén hai un establecemento que ten por ámbito territorial toda a CCAA e outro de fora de Galicia.




Ao analiza-los datos por localidade, dentro de cadaunha das provincias, observamos que na provincia da Coruña as localidades que máis establecementos teñen adheridos serían A Coruña e Santiago, seguidas de Carballo.




En canto á provincia de Lugo, a capital lucense é a que maior número de establecementos ten asociados ao Club de Descontos, seguida de Vilalba.



En Ourense, os establecementos adheridos concéntranse en Ourense capital, e O Carballiño.




En canto á provincia de Pontevedra, a meirande parte de establecementos adheridos rexístranse en Vigo.



3.2. EVOLUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Dos 32 establecementos adheridos durante o ano 2012, pasamos aos 70 actuais, un 119% de establecementos máis. Sen embargo se **pretendemos poñer en valor a licenza federativa, de xeito que este valor repercuta directamente nos propios cazadores federados, neste caso concreto a través de descontos exclusivos nos produtos e servizos que precisan para practicala caza, faise necesaria a colaboración e mediación de tódalas sociedades de cazadores**, facilitando á FGC os contactos dos establecementos nos que mercan habitualmente os seus socios; deste xeito, ademais de abaratar os custos aos seus socios federados, xeraría unha importante corrente de oferta e demanda que repercutiría economicamente no seu ámbito local.



Relación dos Establecementos adheridos no mes de Decembro:

Clube de DESCONTO/S

Neste clube tes as mellores ofertas para todas as túas necesidades

Para equiparte

Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%
---	---	---	---	---

Para os teus cans

Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%
---	---	---	---	---

Para coidarte

Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%
---	---	---	---	---

Clube de DESCONTO/S

Neste clube tes as mellores ofertas para todas as túas necesidades

Para poñer a túa documentación ao día

Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%
---	---	---	---	---

Clube de DESCONTO/S

Neste clube tes as mellores ofertas para todas as túas necesidades

E para moito máis...

Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%	Clube de Desconto ALBA Alba (Ourense) 10%
---	---	---	---	---

Coñecendo os establecementos do Clube

¿Que acollida tes nos teus clientes a iniciativa Clube de Desconto posto en marcha pola Federación Galega de Caza?

Muchos dos cans que acuden a nosa clínica son de cazadores polo que a acollida foi boa.

¿Que servizo ofrece o teu establecemento para os cazadores federados que se poden beneficiar do Clube de Desconto?

Nos ofrecemos un servizo de persegución e clínica veterinaria. Tamén dispoñemos dunha tenda na que o cliente pode obter todo o necesario para a súa mascota.

¿Que valoración xeral fai do iniciativa Clube de Desconto?

Moi boa.

¿Que acollida tes nos teus clientes a iniciativa Clube de Desconto posto en marcha pola Federación Galega de Caza?

O colectivo de cazadores tem moitos cans polo tanto, para nós, a acollida foi boa.

¿Que servizo ofrece o teu establecemento para os cazadores federados que se poden beneficiar do Clube de Desconto?

Todo o necesario para os mascotas: radiografía, clínica menor, medicina xeral e preventiva, microchips, vacinacións, reproducción, oftalmoloxía, traumatoloxía, dermatoloxía, persegución, etc.

¿Que valoración xeral fai do iniciativa Clube de Desconto?

Moi positiva.

4. ASESORÍA XURÍDICA


Outra das prestacións que pon en valor a Licenza Federativa é a **Asesoría Xurídica da FGC, un dos servizos federativos máis demandado polos federados**, pero tamén polas sociedades de caza.

O gabinete xurídico encárgase de realizar alegacións a denuncias e de emitir informes por escrito ás consultas que realizan tanto os cazadores como as sociedades; e a través do Comité de Conciliación, Mediación e Arbitraje media nos conflitos internos entre socios e sociedades cando estes o solicitan.

Durante o 2014, **o seu volume de traballo superou nun 31% o do ano anterior**, cunha media superior aos dous informes diarios.


4.1. ANÁLISE POR TIPO DE CONSULTA

O 60% dos informes elaborados pola Asesoría Xurídica corresponden a consultas e alegacións formuladas polos cazadores e sociedades federadas; e un 40% foron informes técnicos elaborados para a FGC (exptes disciplinarios e outros informes).



4.2. ANÁLISE POR PROVINCIA


Máis do 65% das consultas tramitadas á Asesoría realizáronse directamente desde a oficina da FGC en Santiago, un 15% desde a FGC en Pontevedra, un 11% desde a oficina de Lugo, un 8% desde a sede federativa de A Coruña, e un 1% desde a sede da FGC en Ourense.



4.2. ANÁLISE 2014-2013

Ao compara-lo tipo de informes emitidos pola Asesoría Xurídica respecto ao ano 2013, obsérvase que as alegacións a denuncias de caza medraron máis do 2% respecto ao ano anterior, e os informes ou respostas realizadas a consultas que formularon os cazadores, tanto a través da páxina web, como por correo electrónico, ou por calquera outro medio superan nun 172% ás realizadas no 2013. Pola contra baixan os informes realizados ás sociedades nun 13%, elo obedece a que durante o ano 2013 a meirande parte das sociedades de caza federadas actualizaron os seus estatutos para adapta-los á vixente Lei do Deporte, e un número importante delas aproveitaron tamén para modificar ou elabora-los seus respectivos regulamentos de réxime interno.

E por último, os informes federativos medran, respecto ao pasado ano, preto do 52%. O conflito existente coa RFEC, a licenza federativa única, e o proceso electoral levado a cabo na FGC, amén doutros moitos temas puntuais, ocuparon boa parte do traballo xurídico.



	Alegacións a denuncias de caza	Informes xurídicos a consultas formuladas por cazadores	Informes sobre estatutos, consultas, e alegacións a denuncias formuladas ás sociedades	Informes Federativos e outros	Exptes disciplinarios	TOTAL
2014	146	136	163	272	24	741
2013	143	50	188	179	6	566
%	2,1	172	-13,3	51,96	300	30,92

5. CAZA

Á falta de datos oficiais sobre a caza menor, analizaremos neste apartado a Caza Maior debullando os cupos e capturas facilitados pola Consellería de Medio Ambiente.


5.1. CAZA MAIOR

Durante a tempada 2013-2014 autorizouse un **cupo total de 29.616 especies de caza maior (xabaril, corzo e cervo) do que se capturou o 73,15%.**

5.1.a) Análise por especies





1. Xabaril

O cupo autorizado para a caza do xabaril era de 17.939 exemplares, dos que se capturaron o 83,86% (15.043 animais).




■ Por provincias

Na provincia de **A Coruña** cazáronse o 92,76% dos animais autorizados, en **Lugo** o 87,12%, en **Ourense** o 80,37%, e en **Pontevedra** capturáronse o 74,55% dos xabarís autorizados.







2. Corzo

O cupo autorizado para esta especie en toda a CCAA era de 11.104 animais, dos que se capturaron o 57,74% (6.412 exemplares)




■ Por provincias

Na provincia de **A Coruña** cazáronse o 80,85% dos animais autorizados, en **Lugo** o 44,90%, en **Ourense** o 62,46%, e en **Pontevedra** capturáronse o 62,69% dos xabarís autorizados.




3. Cervo

Autorizouse un cupo de 573 cervos, dos que se capturaron 209, un 36,47% do total permitido, nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense.




■ Por provincias

Na provincia de **A Coruña** cazouse o 82,14% do cupo permitido, en **Lugo** o 43,48%, e en **Ourense** o 27,09% (en **Pontevedra** non existía cupo permitido para esta especie)



5.1.b) Evolución dos cupos e capturas

Durante a tempada 2013-2014 capturouse un 4% menos que na tempada anterior, reducíndose o número de capturas respecto dos cupos autorizados nun 7,18% nas últimas tres tempadas.



	Cupo	Capturas	%
Tempada 2013/2014	29616	21664	73,15
Tempada 2012/2013	30836	22874	74,18
Tempada 2011/2012	28083	22558	80,33

6. COMPETICIÓNS E FORMACIÓN

O resumo da axenda federativa preséntanos un ano de intensa actividade, ademais da organización dos diferentes campionatos oficiais, foron numerosos os actos e encontros nos que participou a FGC, como se pode constatar no **Anexo II** desta memoria na que aparecen reflectidas unha boa parte delas.

6.1. COMPETICIÓNS


6.1.a) Calendario deportivo, participación, e xuíces

Ao longo da tempada deportiva, organizáronse 74 competicións oficiais, que foron xulgadas por 193 xuíces e árbitros titulados (182 titulares e 11 auxiliares); nelas participaron preto de 4.000 deportistas, ou o que é o mesmo por cada 10 cazadores federados 2 deles participaron en competicións do calendario oficial.

O maior número de competicións oficiais corresponde á modalidade de San Huberto, con 9 campionatos oficiais, seguida de Rastro de Xabril con 8.

En canto á participación, **Raposo foi a competición con maior participación, cun 41% do total de participantes**, seguida de Paxariles co 9% . Os campionatos oficiais de Raposo e Paxariles tamén foron os que rexistraron a media de participación máis alta con 233 e 114 deportistas, respectivamente. Na parte oposta están Caza Menor e Cetraría, cunha media de 15 e 20 participantes, respectivamente, por campionato.

Modalidade	Nº competicións oficiais	Nº participantes	Nº Xuíces	Media de participantes p/competición	Media de xuíces p/competición	Media de participantes p/xuíz
Compak Sporting	4	154	9	38,50	2,25	17,11
Percorridos Caza	6	264	27	44,00	4,50	9,78
Rastro Xabarl	8	205	18	25,63	2,25	11,39
Paxariles	3	342	13	114,00	4,33	26,31
Arco	5	131	35	26,20	7,00	3,74
Cans de Parada	7	238	17	34,00	2,43	14,00
San Huberto	9	193	25	21,44	2,78	7,72
Rastro de Coello	5	308	31	61,60	6,20	9,94
Cetraría	4	78	6	19,50	1,50	13,00
Caza Menor	5	75	0	15,00		
Arceas	5	106	0	21,20		
Raposo	7	1630	0	232,86		
Agility	6	197	12	32,83	2,00	16,42
TOTAL...	74	3921	193	52,99	2,61	20,32



6.1.b) Área técnica

Trala incorporación de 38 novos xuíces das modalidades de Rastro de Xabaril, Rastro de Coello, e Cetraría, que superaron os respectivos cursos celebrados no pasado mes de xuño en Silleda, como explicaremos máis adiante no apartado de Formación; e despois da homologación de 10 xuíces da modalidade de Agility, a área técnica da FGC queda integrada por 480 xuíces e árbitros, 21 monitores de arco, e 19 monitores de tiro.


Modalidade	Xuíces e Árbitros			Modalidade	Técnicos e Adestradores		
	Homes	Mulleres	Total		Homes	Mulleres	Total
TIRO (Percorridos e Compak)	103	0	103	Monitores de Arco	19	2	21
CANS (San Hiberto e C. Parada	129	6	135				
RASTRO Rastro coello e xabaril)	162	5	167				
PAXARILES	5	0	5				
ARCO	34	1	35				
CETRERIA	23	2	25				
AGILITY	8	2	10				
46416480				38240			

6.1.c) Campións Galegos, Provinciais, e Copa Galicia

No **Anexo I** da presente memoria pódese comprobar a relación de tódolos campións das diferentes probas oficiais (autonómicas, provinciais, e copa Galicia), así como a data e lugar de celebración, entroutros datos.

6.1.d) Palmarés da Selección Galega en competicións estatais

As Seleccións Galegas das diferentes modalidades deportivas, integradas por 46 deportistas, previamente clasificados nas respectivas competicións oficiais autonómicas, representaron á Federación Galega de Caza e á Comunidade Autónoma de Galicia no respectivos Campionatos de España, ou noutro tipo de probas de carácter estatal, con resultado exitoso diferente dependendo da modalidade da que se trate, nembargantes os deportistas cinxéticos galegos subían ao podio ata en 10 ocasións, para recolle-los premios correspondentes a tres primeiros postos, dous segundos, e dous terceiros, pero tamén obtíñan trofeo con dous cuartos, e un quinto posto das respectivas clasificacións.



PODIO DA SELECCIÓN GALEGA:

- I GOBEX CUP DE RECORRIDOS DE CAZA CON ARCO**

Plasencia (Cáceres), 31 de maio – 1 de xuño



- I COPA DE PAXARILES – TROFEO MUTUASPORT**


Azuqueca de Henares (Guadalajara) – 1 de xuño



- **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE PERCORRIDOS DE CAZA**
Castillejo de Robledo (Soria) – 13-15 de xuño



- **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL**
Touro (A Coruña) – 19 de xullo



- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE COMPAK SPORTING**

Puente de Génave (Jaén) – 25-27 de xullo



- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAZA SAN HUBERTO**

Robledo de Chavela (Madrid) – 6-7 de setembro



Ademais das respectivas Seleccións Galegas, outros deportistas galegos participaban tamén en Campionatos de España ou en probas de carácter nacional, entre elas cabe sinalar a Copa Mutuasport de Paxariles e a Copa Mutuasport de Percorridos de Caza, na que os galegos acadaban un quinto e tres sextos postos.

6.2. FORMACIÓN

6.2.a) Cursos de formación de xuíces e árbitros

Coincidiendo coa celebración da Feira Internacional Semana Verde de Galicia e coa 1ª edición da Feira Caza, Pesca e Natureza, os días 14 e 15 xuño, tiñan lugar en Silleda (Pontevedra), senllos **cursos de formación de xuíces e árbitros das modalidades de Cetraría, Rastro de Coello e Rastro de Xabaril**.

No **curso de xuíces de Cetraría**, impartido por José Luis Ogando Gallo, participaban 6 alumnos, que superaron as probas, pasando así a formar parte do plantel de xuíces desta modalidade.

No cursiño de **formación de xuíces de Rastro de Coello e Rastro de Xabaril**, impartidos conxuntamente o día 15 de xuño, actuaban como ponentes Roberto Carlos Costa Tellado e José Moure Caneda. A fase práctica, de ámbalas-dúas modaldidades, tiña lugar en en Bacurín (Lugo), o día 5 de xullo, a cargo de José Moure Caneda e Nicolás Castro Rodríguez. Dos 34 alumnos inscritos superaron o curso 32.



6.2.b) Xornadas sobre a nova Lei de caza



En apenas dous meses trala entrada en vigor da nova Lei de Caza de Galicia, a Federación Galega de Caza, e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, organizaban unhas **Xornadas sobre a nova lexislación cinexética**.

O acto tiña lugar o 29 de marzo no Salón de Actos da Xunta de Galicia, en Lugo, e acudían á convocatoria realizada pola federación máis de 600 cazadores de toda a Comunidade Autónoma.

Nas xornadas, inauguradas pola Directora Xeral de Conservación e clausuradas polo propio Conselleiro de Medio Ambiente, participaban como ponentes ademais da Directora Xeral, o Presidente, e Vicepresidente da FGC.





6.2.c) Cursos de Seguridade “Formación de responsables de cazaría”

Co obxecto de reduci-la siniestralidade, particularmente na caza maior, a FGC organizou entre os meses de xuño e setembro un total **16 cursos de Seguridade para formar aos responsables de cazaría**. A Participación nas xornadas de formación era aberta a tódolos cazadores, federados e non federados, e a inscrición nos mesmos totalmente gratuíta.

Actuaban de formadores 14 ponentes con amplos coñecementos na materia: avogados, responsables de cazaría, cazadores, expertos en armas, e enxeñeiros de montes, entroutros, coordinados por Manuel Pérez Requejo.

Asistían ás sesións formativas un total de 1508 cazadores, é dicir de cada 100 cazadores da CCAA máis de tres recibiron formación sobre Seguridade.

Se analizámo-la participación de cazadores nos cursos en función de cadaunha das provincias, e en relación co número de cazadores de cadaunha delas, observamos que nas xornadas celebradas nas provincias de Lugo e A Coruña participaron máis do 4% dos cazadores da provincia; en Pontevedra preto do 3%, e en Ourense superaron o 2% dos cazadores provinciais.

Data	Localidade	Provincia	Asistentes
14-jun-14	Silleda	Pontevedra	99
05-jul-14	Lugo	Lugo	195
06-jul-14	Xove	Lugo	102
11-jul-14	Narón	A Coruña	77
12-jul-14	Monforte	Lugo	132
12-jul-14	Pereiro Aguiar	Ourense	49
13-jul-14	Pontecaldeas	Pontevedra	54
19-jul-14	Rois	A Coruña	103
19-jul-14	Boimorto	A Coruña	93
20-jul-14	A Veiga	Ourense	66
26-jul-14	O Carballiño	Ourense	75
01-ago-14	Carballo	A Coruña	115
02-ago-14	Betanzos	A Coruña	125
09-ago-14	Barro	Pontevedra	69
10-ago-14	Tui	Pontevedra	64
12-set-14	Ortigueira	A Coruña	90
TOTAL			1508

Provincia	Nº Cazadores 2014	Nº asistentes cursos	%
CORUÑA	14555	603	4,14
LUGO	9787	429	4,38
OURENSE	9306	190	2,04
PONTEVEDRA	11405	286	2,51
OUTROS	1538	0	0
TOTAL	46591	1508	3,24



Imaxe dun Curso celebrado na provincia de Pontevedra



Imaxe dun Curso celebrado na provincia de Lugo



Imaxe dun Curso celebrado na provincia de Coruña



Imaxe dun curso celebrado na provincia de Ourense

7. COMUNICACIÓN E PRENSA


A comunicación era un dos retos que asumía a Xunta Directiva que concluíu o seu mandato durante este ano, e para elo durante estes últimos catro anos tratou de elaborar unha boa base de datos cos teléfonos móbiles e correos electrónicos dos federados, co obxecto de achegarlles a información federativa máis importante, así, entroutroutras noticias puntuais, desde o pasado mes de agosto, os federados reciben puntualmente tódolos meses, por correo electrónico, a revista Galicia Cinexética.

A revista Galicia Cinexética xunto coa páxina web federaciongalegadecaza.com son a paires sobre os que se asenta a información federativa, sen deixar de lado o correo electrónico, as mensaxes de texto, e as redes sociais (twitter e facebook)

7.1. PÁXINA WEB “www.federaciongalegadecaza.com”

7.1.a) Un sitio de referencia


Un ano máis a páxina web da Federación Galega de Caza segue a ser a referencia absoluta para os cazadores galegos, como demostra unha simple procura no buscador Google:



Se buscamos “caza Galicia” no buscador máis empregado do mundo, a primeira referencia inmediata é o sitio web da FGC. Este tipo de buscadores analiza as páxinas webs que teñen unha maior repercusión no tema a buscar, e unha maior cantidade de información ao respecto, o que pon de manifesto a relevancia da versión dixital da Federación Galega de Caza en canto á fonte de información.


7.1.b) Estabilidade nas visitas

Con **84.156 visitas absolutas no ano**, mantense practicamente idéntica a afluencia de público, con tan só unha baixada do 0,74% respecto ao ano pasado. Coa crecente competencia e variedade de oferta na rede, é destacable a estabilidade da páxina web da FGC ao longo dos anos.



Novamente as seccións máis populares da web foron as do **Taboleiro de Anuncios**, e **todas aquelas relacionadas coas Competicións**: calendario, novas de competicións, galería de fotos, etc.


A información lexislativa tamén foi novamente das máis visitadas, co apartado de Lexislación e “A FGC responde” entre as principais consultas.



7.1.c) Novos modos de acceso




Un ano mais destaca a **crecente utilización de dispositivos alternativos ao ordenador** para acceder á páxina web da FGC, como son o teléfono intelixente (que xa alcanza o 30,44% do total das visitas) e a tableta dixital (que supón o 3,80% do total). O ordenador segue a ser o dispositivo dominante co 65,77%



7.1.d) Dende Galicia para o mundo

As grandes capitais, tanto galegas como españolas, seguen a ser as que concentran o maior volume de tráfico cara a nosa web. Novamente **A Coruña segue liderando a táboa de cidades visitantes co 17,41% do tráfico**, coa capital nacional no segundo posto e practicamente tódalas principais poboacións galegas a continuación. Destaca sen embargo a situación de Narón no 10º posto, o que pon de manifesto a importancia da caza nesta zona norte da comunidade.

As seguintes táboas amosan a concentración da visitas:




1.	A Coruña	14.181 (17,41 %)
2.	Madrid	12.646 (15,53 %)
3.	Santiago de Compostela	11.997 (14,73 %)
4.	Vigo	9.662 (11,86 %)
5.	Lugo	7.932 (9,74 %)
6.	Ourense	4.746 (5,83 %)
7.	(not set)	3.800 (4,67 %)
8.	Barcelona	3.385 (4,16 %)
9.	Pontevedra	2.307 (2,83 %)
10.	Narón	1.467 (1,80 %)

7.1.e) Buscadores e redes sociais, principais modos de entrada




Como ven sendo habitual, os buscadores de internet, e principalmente Google (que supón o 61% do total das visitas), son o lugar dende onde acceden á web da FGC a maioría dos visitantes. No obstante, segue a medrar o fluxo de visitantes dende redes sociais (Facebook, Twitter, etc) e este ano sitúase moi preto do 10%.

Isto indica a crecente importancia das redes sociais e o axeitado de incidir nestes medios para redirixir aos visitantes cara a web.



O máis buscado

Polas procuras no buscador da páxina web, podemos facernos unha idea das principais dúbidas e intereses dos cazadores, e aquela información que buscan na nosa web:



Un ano máis, as emisoras, os seguros e as zonas libres de caza son os principais protagonistas nas procuras de información da web, pero destacada a aparición dun novo termo “agility”, o cal pon de relevo a popularidade desta nova disciplina da Federación Galega de Caza, logo da súa incorporación durante este ano.

7.2. REVISTA “GALICIA CINEXÉTICA”

Durante este 2014, a revista *Galicia Cinexética* editada pola **Federación Galega de Caza**, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 60 ao 71. Durante este período, *Galicia Cinexética* mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego, facéndose eco de tódalas novas relacionadas co sector cinexético na CCAA así como da axenda de actividades e competicións levadas a cabo pola **Federación Galega de Caza** durante este tempo.

No ano 2014, *Galicia Cinexética* seguiu contando cos soportes dixitais, mantendo a súa páxina web www.galiciacinexetica.com e consolidándose nas redes sociais co seu perfil en facebook onde é seguida por máis de 3.000 usuarios.



As páxinas de *Galicia Cinexética*, ao igual que en anos anteriores, serviron de soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza, chegando a supera-las 20 insercións publicitarias por mes; e mantivo unha estreita relación coas sociedades de caza, recollendo nas súas páxinas todos aqueles eventos e actos levados a cabo polas mesmas. Mostra deste estreito vínculo son as ofertas especiais que *Galicia Cinexética* ofrece a estas **Sociedades**, así como a entrega gratuíta mes a mes de exemplares da revista.

O trato directo cos cazadores por parte de *Galicia Cinexética* tamén se fixo patente en cada número, sendo esta publicación un soporte onde os apaixonados da caza teñen o seu espazo.

7.3. MEDIOS DE COMUNICACIÓN XENERALISTAS



A información cinexética, en xeral, apenas ten repercusión nos medios de comunicación xeralistas agás a apertura e peche da tempada cinexética, ou sucesos puntuais relacionados coa caza ou cos cazadores, por iso o labor que realizan os magazines que dirixen Rodrigo Pérez na **Radio Galega** (conducido por Antón Arrojo); e Luis Macias en **Canal Vía TV**, nos que a información cinexética e federativa ten o un espazo reservado, están a ser un referente para os cazadores galegos.

8. ELECCIÓNS Á ASEMBLEA, PRESIDENTE, E COMISIÓN DELEGADA

No mes de setembro, celebrábase a asemblea xeral na que se acordaba a convocatoria do proceso electoral que elixiría aos novos asembleístas, así como ao novo Presidente, e Comisión Delegada. O día 23 de outubro o Presidente da FGC convocaba as eleccións, que rematarían o día 27 de decembro coa proclamación, por parte da Xunta Electoral, do único candidato presentado, Javier Nogueira Diz, que renovaba cargo por outros catro anos.



Previamente, o 5 decembro, celebrábanse votacións para a elección dos representantes da asemblea polas circunscricións electorais de Lugo e Pontevedra para os estamentos de sociedades e deportistas; e no caso de Pontevedra ademais de elixir aos representantes de sociedades e deportistas, tamén estaban chamados ás



urnas os xuíces e árbitros para elixirlos seus representantes. Nas outras provincias, ao non presentarse máis candidatos que postos a cubrir a Xunta Electoral procedía á súa proclamación.

Foi un proceso electoral transparente, aínda que convulso, impugnado ante a Xunta Electoral e o Comité Galego de Xustiza Deportiva, impugnacións rexeitadas pola Xunta Electoral e tamén –posteriormente ao peche desta memoria- polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

9. REUNIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES

A axenda de actividades do 2014 estivo repleta de actos e reunións -como se pode verificar no **Anexo II** desta memoria- mesmo, en varias ocasións, con dificultades para cadrala e así poder estar presente en tódolos actos e xuntanzas aos que a FGC era convocada ou invitada; aínda que o volume de traballo de despacho que se realiza é imposible reflectilo na mesma, pois a meirande parte do despacho que realiza o Presidente faise a través de correo electrónico, con máis de 400 e-mails mensuais o que nos supón preto de 5000 correos electrónicos ao ano.



Unha boa parte da axenda federativa estivo marcada polas **Reunións mantidas entre o F-8**, a raíz do conflito existente coa Real Federación Española de Caza que se mantén ao remate deste ano.

Outro dos temas que tamén ocuparon a actualidade federativa foi o tema da **Licenza Federativa Única**, con numerosas reunións entre as Federacións Deportivas Galegas, e tamén coa Secretaría Xeral para o Deporte, Presidente da Xunta, Partidos políticos, Consello Superior de Deportes, etc.



A FGC tamén se reuniu nunha vintena de ocasións durante este ano cos máximos responsables da **Secretaría Xeral para o Deporte e de Conservación da Natureza**. Ademais das reunións periódicas habituais celebráronse outras puntuais nas que se trataron temas de natureza diversa que afectan á caza e ao deporte.



Pero a **representación da FGC tamén traspasou en numerosas ocasións durante este ano a fronteira galega** para acudir a reunións da Mutua de Seguros Deportivos Mutuasport (Madrid), na que os cazadores federados galegos están representados nos distintos órganos de control, e no Consello de Administración, a través do Presidente galego.

A continuación faise un breve resumo con imaxes das actividades máis salientables de cada mes.

• XANEIRO

O mes de xaneiro arrancaba co **110º aniversario da Sociedade de Caza San Huberto de Valga**, na que estivo representada a FGC a través do seu Presidente.

• FEBREIRO

En febreiro os cazadores, tiñan unha cita coa gastronomía cinexética, na 1ª edición da **Feira Gastronómica de Nigrán** (Pontevedra), onde a FGC tamén estivo presente cun Stand e colaborou na organización de diversas actividades paralelas (exhibicións de cans de parada, tiro con arco, cetraría, e agility, entroutras). No acto de clausura, ao que acudiu o Presidente da FGC tributouse unha homeaxe aos cazadores Mari Carmen Iglesias, David Andrew e Victor Villar, pola súa traxectoria como deportistas da Selección Galega de San Huberto e Cans de Parada, coa que acadaron importantes éxitos.



Os **Alumnos do Curso de Protección e Control do Medio Natural** do Centro de Formación San Paio do Monte (Santiago), realizaban unha visita ás instalacións da FGC para coñece-lo funcionamento da entidade que representa ao colectivo cinexético galego. Visita que repetiría novamente outro grupo de alumnos no mes de



agosto, e que culminaba coas prácticas que realizarían posteriormente tres becarias deste centro na FGC durante as que realizaron senllos Informes sobre a **enfermidade vírica hemorráxica no coello de monte (EVH)**, e sobre os danos producidos polo xabaril e outras especies de caza maior.



• MARZO



A **Gala do Deporte Galego**, na que a FGC tamén estivo presente, congregaba no mes de marzo os mellores deportistas galegos.

A candidatura da FGC integrada por Maria Luisa Rodríguez e Abel López (subcampións de España de Arco), Artemio Formoso (na categoría de discapacitado), o equipo Parrillada Antonio da Sdade Sta María Alta (campión da



Copa España de Raposo), Santiago Vigo (na categoría de mellor xuíz), o programa radiofónico “Caza e Pesca na Galega” da Radio Galega (no apartado de mellor labor informativo), e a Festa da Caza de Portomarín como mellor evento deportivo, non obtiveron ningunha distinción nesta convocatoria.

• ABRIL



O mes de abril arrancaba cunha **reunión entre os representantes federativos e o Delegado do Goberno en Galicia**, marcada principalmente polo uso do *pinganillo* como elemento de seguridade na caza, pero na que os representantes da FGC tamén aproveitaron para plantexarlle ao máximo responsable do Goberno Central en Galicia outros temas de interese para os cazadores como as medidas precautorias na custodia das armas, a modificación da Lei do Deporte estatal, e diversas cuestións relacionadas coa incidencia dos antecedentes na renovación dos permisos de armas.

• MAIO



O mes de maio iniciábase coa celebración da vixésimo segunda edición da **Gala Periodipisca**, que nesta ocasión tiña por escenario a Mariña Lucense.

No capítulo de recoñecementos a revista “Galicia Cinexética” foi galardoada como mellor medio de información nacional especializado.



A **Festa da Caza de Lugo**, reunía un ano máis a centos de deportistas cinexéticos na localidade lucense de Portomarín.



A FGC tamén participou coa ponencia “A caza social baixo o prisma da Federación: órganos consultivos, entidades colaboradoras e xunta de homologación de trofeos” no **Curso de divulgación da Lexislación Cinexética** que organizaba a Xunta de Galicia na Escola Galega de Administración Pública.



• XUÑO



A FGC participou activamente, con varias actividades paralelas na **1ª edición da Feira de Caza e Pesca Semana Verde**, que se organizaba no mes de xuño en Silleda, coincidindo coa Feira Internacional Semana Verde de Galicia, entre as que cabe destacar, ademais da participación no acto inaugural da Feira, o primeiro Curso de Seguridade, a celebración de Cursos de formación de xuíces de Rastro e de Cetraría, exhibicións de cetraría, de arco, e de agility, ademais de contar cun Stand propio durante tódolos días da Feira, e con Stands especializados de Arco e Cetraría a cargo das sociedades Cazarco e Galega de Cetraría.



Coincidindo co solsticio de verán, o 21 de xuño, tiña lugar a celebración da **Asemblea Xeral ordinaria**.

A **Gala do Deporte Feminino de Galicia**, que organiza a Asociación MUDEGA (Mulleres Deportistas Galegas), pechaba os actos do mes de xuño coa entrega de Premios ás mellores deportistas galegas.

A FGC propoñía para os Premios Femininos a María Luisa Rodríguez, como mellor deportista; Nicolasa González como mellor traxectoria deportiva; e a Dolores Abella como mellor directiva.



• XULLO



O mes estreábase coa celebración da **Asemblea Xeral de UFDEGA** (Unión de Federaciones Deportivas Galegas), marcada polo tema da Licenza Federativa Única que pretende implantar o Goberno Central a través da Lei de Racionalización do Sector Público, á que tanto as federacións deportivas galegas, como a práctica totalidade das federacións autonómicas deportivas de todo o Estado, e mesmo varias federacións Españolas opuxéronse frontalmente desde o primeiro momento.

O mes de xullo estivo centrado principalmente na celebración dos Cursos de Seguridade, ocupando tódalas fins de semana (véxase apartado 6.2.c) anterior).

A FGC forma parte do **GT do PXIXG** (grupo de traballo do plan de xestión integral do xabril de Galicia), no que están integrados ademais da Administración, os sindicatos agrarios, os ecoloxistas, investigadores, representantes da Universidade, cazadores, técnicos, e xestores cinexéticos, entroutros. O PXIXG ten por obxecto o control das poboacións do xabril para o control dos danos.



• AGOSTO



Tralo visto e praxe da Secretaría Xeral para o Deporte para incorporar a especialidade deportiva de **Agility** á Federación de Caza, no mes de agosto a FGC convocaba a tódolos clubs da modalidade a unha xuntanza informativa na que participaban a práctica totalidade dos clubs existentes na CCAA. Xuntanza que se repetiría novamente no mes de setembro para analiza-lo Regulamento.

• SETEMBRO



A asemblea xeral reuníase con carácter extraordinario, para dar cumprimento á Orde Electoral, e acordaba a **Convocatoria de Eleccións** á asemblea xeral, presidente e comisión delegada.

A **Manifestación de Sevilla**, pola caza e o silvestrismo, na que participaron unhas 50.000 persoas, entre as que estivo presente unha delegación da FGC, pechaba as actividades do mes de setembro.



• OUTUBRO



No mes de outubro, que estivo marcado polo comezo da tempada hábil de caza menor, e pola convocatoria electoral, tivo lugar a entrega dos **Premios Galicia de Xestión Deportiva AGAXEDE** co que os xestores deportivos de Galicia recoñecen o labor e a xestión deportiva, e ao que a FGC tampouco quixo faltar.

• NOVEMBRO




Novembro comezaba cunhas xornadas, organizadas pola Escola Galega de Administración Pública, sobre o **Voluntariado que desenvolven as entidades deportivas**, ás que asistiron traballadores e técnicos da FGC, nas que foron informados sobre os distintos encadramentos xurídicos das actividades desenvolvidas polas entidades deportivas sen ánimo de lucro.

A finais de mes reuníase o **Consello Forestal de Galicia**, no que está integrado a Federación para, entroutros asuntos, poñer en marcha o GT (grupo de traballo) para a elaboración de directrices de revisión do Plan Forestal de Galicia; grupo no que tamén participa a Federación Galega de Caza.



• DECEMBRO



As sociedades afectadas polo **Parque das Fragas do Eume**, acompañadas do Presidente da Xunta Xestora da FGC reuníanse coa Directora Xeral de Conservación á que lle solicitaron que se tivese en conta ao colectivo cinxético no Plan reitor do Parque Natural.



**Federación Galega
de Caza**

Memoria de Actividades 2014



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

O último mes do ano veu marcado polo proceso electoral, trala proclamación da nova asemblea xeral, o ano remataba coa proclamación da nova comisión delegada, e do novo presidente, Javier Nogueira, único candidato presentado.

Anexo I

Campións de España, Autonómicos, Provinciais, e Copa Galicia

PALMARÉS 2014 CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Posto
Francisco Rodeiro Eiras / Can: Cho (Soc Touro)		Campionato de España de Cans de Rastro sobre Xabaril	Touro (A Coruña)	19 de xullo de 2014	Absoluta	1º
Dolores Bugarín Codeseda (Soc Cazarco)		I Gobex Cup de Percorridos de Caza con Arco	Plasencia (Cáceres)	31 de maio - 1 de xuño de 2014	Damas asistido	1º
Dolores Abella Otero (Soc Galega de Cetrería)		Campionato de España de Cetrería	Osuna (Sevilla)	5, 6, 7 e 8 de decembro de 2014	Baixo Voo Liebra	1ª
Manuel Rodeiro Louzao / Can: Rato (Soc Touro)		Campionato de España de Cans de Rastro sobre Xabaril	Touro (A Coruña)	19 de xullo de 2014	Absoluta	2º
Rebeca Villaverde Bugarín (Soc Cazarco)		I Gobex Cup de Percorridos de Caza con Arco	Plasencia (Cáceres)	31 de maio - 1 de xuño de 2014	Cadete asistido	2º
Iván Fernández Pereira / Can: Touré (Soc Baleira)		Campionato de España de Cans de Rastro sobre Xabaril	Touro (A Coruña)	19 de xullo de 2014	Absoluta	3º
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc Río Sar)		Campionato de España de Compak Sporting	Puente de Génave (Jaén)	25-27 de xullo de 2014	Superveteranos	3º
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc Río Sar)		Campionato de España de Percorridos de Caza	Castillejo de Robledo (Soria)	13-15 de xuño de 2014	Superveteranos	4º
Sandra Rodríguez Rego (Soc Barbanza)		Campionato de España de Caza San Huberto	Robledo de Chavela (Madrid)	6-7 de setembro de 2014	Damas	4º
Germán Alcalde Cebreiro (Soc O Grove)		I Copa de Paxariles - Trofeo Mutuasport	Azuqueca de Henares (Guadalajara)	1 de xuño de 2014	Xilgaro	5º

RASTRO DE XABARIL - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Francisco Rodeiro Eiras (Soc. Touro)		Campionato Provincial da Coruña	Melide (A Coruña)	14 de xuño de 2014	Absoluta	Melide
Juan Fernández Vecino (Soc. Soñar)		Campionato Provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	24 de maio de 2014	Absoluta	San Nicolás
Antonio Sánchez Sesto (Soc. Pequenos Monteiros)		Campionato Provincial de Pontevedra	As Neves (Pontevedra)	26 de abril de 2014	Absoluta	Santa Bárbara
Francisco Rodeiro Eiras (Soc. Touro)		Campionato Galego	Vila de Cruces (Pontevedra)	28 de xuño de 2014	Absoluta	Vila de Cruces

CAZA SAN HUBERTO - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Ramón Picallo Piñón (Soc. Urogallo)		Campionato Provincial da Coruña	Ribeira (A Coruña)	13 de xullo de 2014	Absoluta	Barbanza
Nicolasa González Carrodegas (Soc. Urogallo)					Damas	
Eloy Rodríguez Martínez (Soc Barbanza)					Springer	
Andrés Pena Vázquez (Soc. Terra Cha)		Campionato Provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	24 de maio de 2014	Absoluta	San Nicolás
Andrés Sánchez Fernández (Soc. Allariz)		Campionato Provincial de Ourense	Trasmiras (Ourense)	12 de abril de 2014	Absoluta	Trasmiras
Carlos Lalín Ferreiroa (Soc. Lalín)		Campionato Provincial de Pontevedra	Tomiño (Pontevedra)	1 de xuño de 2014	Absoluta	
Saturnino Pereira Vidal (Soc. Gondomarense)					Springer	
Edelmiro Leira Pérez (Soc. Alcotán)		Campionato Galego	Mazaricos (A Coruña)	19 de xullo de 2014	Masculina	El Halcón
Ana Isabel Arbiol Ledesma (Soc. Ulloa)					Feminina	
Víctor Manuel Villar Fernández (Soc FGC PO)					Springer	

CANS DE PARADA - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
ALBA DE TORRES DA VARELA - Carlos Lalín Ferreiroa (Soc. Lalín)		Copa Federación da Coruña	San Sadurniño (A Coruña)	12 de xullo de 2014	Razas británicas	Narahío
FROUMA DO FONTELO - Iván López López (Soc. Sta Águeda de Barbatión)		Trofeo Cidade de Lugo	Portomarín (Lugo)	24 de maio de 2014	Razas británicas	San Nicolás
ARIS DE POLDEARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegá)					Razas continentais	
ALBA DE TORRES DA VARELA - Carlos Lalín Ferreiroa (Soc. Lalín)		Copa Federación de Ourense	Trasmiras (Ourense)	13 de abril de 2014	Razas británicas	Trasmiras
ARIS DE POLDEARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegá)					Razas continentais	
EASY DE CAPAGUT - Roberto Dopico Dopico (Soc. Valdoviño)		Copa Federación de Pontevedra	A Cañiza (Pontevedra)	18 de maio de 2014	Razas británicas	A Cañiza
DENON DE MIRANDAOLA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegá)					Razas continentais	
ALBA DE TORRES DA VARELA - Carlos Lalín Ferreiroa (Soc. Lalín)		Campeonato Galego - Copa Galicia	Mazaricos (A Coruña)	20 de xullo de 2014	Razas británicas	Halcón
ARIS DE POLDEARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegá)					Razas continentais	

COMPAK SPORTING - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Antonio Iglesias Otero (Soc. Río Sar)		Campeonato Provincial da Coruña	Trazo (A Coruña)	1 de xuño de 2014	Absoluta	Río Sar
Antonio Iglesias Otero (Soc. Río Sar)					Senior	
Juan Sánchez Mancebo (Soc. Río Sar)					Veteranos	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar)					Superveteranos	
Ángel Mosquera Cornide (Soc. Río Sar)		Campeonato Provincial da Lugo	Portomarín (Lugo)	24 de maio de 2014	Absoluta	San Nicolás
Manuel Villar Arroyo (Soc. Val de Lemos)					Senior	
José González Yáñez (Soc. Xuntoira)					Veteranos	
Alejandro Fernández Seco (Soc. San Antonio da Xestosa)					Junior	
Daniel Cebreiro García (Soc. Río Sar)		Campeonato Provincial de Pontevedra	Ponteareas (Pontevedra)	22 de xuño de 2014	Absoluta	Club de Tiro Eido Dalbo
José A. Vasconcellos Vicente (Soc. A Rosaleña)					Senior	
Jaime Vilas Pereira (Soc. FGC PO)					Veteranos	
José Costas Iglesias (Soc. FGC PO)					Superveteranos	
Daniel Vicente Pintus (Soc. A Rosaleña)					Junior	

Antonio Iglesias Otero (Soc. Rio Sar)		Campeonato Galego	Trazo (A Coruña)	6 de xullo de 2014	Absoluta	Rio Sar
Antonio Iglesias Otero (Soc. Rio Sar)					Senior	
Carlos Álvarez Pazó (Soc FGC PO)					Veteranos	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Rio Sar)					Superveteranos	
Artemio Formoso Barro (Soc Terra Chá)					Handisport	
Daniel Vicente Pintus (Soc. A Rosaleña)					Junior	

PERCORRIDOS DE CAZA - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Antonio Iglesias Otero (Soc. Rio Sar)		Campeonato Provincial da Coruña	Trazo (A Coruña)	4 de maio de 2014	Absoluta	Rio Sar
Antonio Iglesias Otero (Soc. Rio Sar)					Senior	
Elisardo Cea Cebreiro (Soc Rio Sar)					Veteranos	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc Rio Sar)					Superveteranos	
José A. Vasconcellos Vicente (Soc A Rosaleña)		Campeonato Provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	6 de abril de 2014	Absoluta	San Nicolás
Mario González Yáñez (Soc Xuntoira)					Senior	
Artemio Formoso Barro (Soc Terra Chá)					Handisport	
José González Yáñez (Soc Xuntoira)					Veteranos	
Alejandro Fernández Seco (Soc San Antonio da Xestosa)					Junior	
Daniel Cebreiro García (Soc Rio Sar)		Campeonato Provincial de Ourense	O Carballiño (Ourense)	10 de maio de 2014	Absoluta	San Trocado e Cidade
Jorge Vázquez Iglesias (Soc Xungos)					Senior	
Abel Andrés Otero (Soc Taboadela)					Veteranos	
Daniel Cebreiro García (Soc Rio Sar)		Campeonato Provincial de Pontevedra	Figueiró (Pontevedra)	13 de abril de 2014	Absoluta	Club de Tiro Fronteirías
Roberto Rodríguez Fernández (Soc FGC PO)					Senior	
Jaime Vilas Pereira (Soc FGC PO)					Veteranos	
Daniel Vicente Pintus (Soc A Rosaleña)					Junior	
Roberto Rodríguez Fernández (Soc FGC PO)		Campeonato Galego	Trazo (A Coruña)	18 de maio de 2014	Absoluta	Rio Sar
Roberto Rodríguez Fernández (Soc FGC PO)					Senior	
Elisardo Cea Cebreiro (Soc Rio Sar)					Veteranos	
Artemio Formoso Barro (Soc Terra Chá)					Handisport	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc Rio Sar)					Superveteranos	
Daniel Vicente Pintus (Soc A Rosaleña)					Junior	

PERCORRIDOS DE CAZA CON ARCO - CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Jaime Villaverde Balado (Soc Cazarco)		Campionato Provincial da Coruña	Bens (A Coruña)	9 de marzo de 2014	Arco asistido	Arcohercules
Óscar Novas Seijas (Soc Arcohercules)					Arco tradicional	
Dolores Bugarín Codeseda (Soc Cazarco)					Damas asistido	
Sonia María Ribeiro Costa (Soc Arcohercules)					Damas tradicional	
Sergio Sobral García (Soc Cazarco)					Junior	
Rebeca Villaverde Bugarín (Soc Cazarco)					Cadete	
Pedro Martínez Ángel (Soc Cazarco)		Campionato Provincial de Lugo	Monforte de Lemos (Lugo)	4 de maio de 2014	Arco asistido	Arcolemos
Abel López Lepiani (Soc Cazarco)					Arco tradicional	
María Luísa Rodríguez Rodríguez (Soc Cazarco)					Damas asistido	
Sergio Sobral García (Soc Cazarco)					Cadete	
Eloy Álvarez Couñago (Soc Cazarco)		Campionato Provincial de Pontevedra	Mondariz (Pontevedra)	8 de xuño de 2014	Arco asistido	Cazarco
Óscar Novas Seijas (Soc Arcohercules)					Arco tradicional	
Dolores Bugarín Codeseda (Soc Cazarco)					Damas asistido	
Inmaculada Santamarta Rodríguez (Soc Arcohercules)					Damas tradicional	
